

***ADDENDA APO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR, A
UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O PLAN
DA CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA-HORIZONTE 2030 (PCUMA)***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Marta Barreiro Castro, secretaria xeral técnica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña e a Fundación da Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 06 de outubro de 2025, ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Complementar o convenio de investigación existente entre as partes, co obxectivo de ampliar as accións de investigación relacionadas coa cultura marítima.

As accións a executar van dirixidas á continuar avanzando no obxectivo xeral de preservar e activar a cultura marítima de Galicia mediante a divulgación e aplicación do Plan da cultura marítima de Galicia.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

Na fase 4, denominada *"Fase de realización de accións"*, amplíase o apartado 3 do

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, 5
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



censo do patrimonio marítimo, o que engloba incrementar a investigación e realizar:

- A. Complementar o inventario de patrimonio marítimo inmovible incluíndo as illas galegas.

Ano 2025_ Illas Cíes, Illas Ons, Illa de Tambo, Illa de San Simón.

Ano 2026_ Illa Cortegada, Illa de Sálvora, Illas Lobeiras, Illas Sisargas e Illa da Rúa.

- B. A impresión física de dous exemplares do inventario.

Ano 2025_ Borrador inicial de case 3800 páxinas en varios tomos.

Ano 2026_ Dous exemplares definitivos do Inventario de case 5000 páxinas en varios tomos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Que con data 13 de decembro de 2023 a Consellería do mar, a Universidade da Coruña e a Fundación da Universidade da Coruña asinaron un Convenio para o Plan da cultura marítima de Galicia-Horizonte 2030 (PCUMA).

No citado Convenio establecíase no seu Anexo 1: O obxecto do convenio era dar continuidade ao Plan da cultura marítima de Galicia como instrumento capaz de favorecer a xestión integral, posta en valor e activación da cultura marítima de cara o futuro. Incluindo un plan de traballo dividido en catro fases, que van desde a Fase 1 de continuidade, Fase 2 de comunicación e información, Fase 3 de seguimento e Fase 4 de realización de acción.

No expositivo quinto do citado convenio sinalase que o estudo pretende analizar dende unha perspectiva científico-didáctica as conexións e a transferencias destas comunidades litorais e do seu patrimonio, que



creceron mantendo en equilibrio o ecosistema costeiro tradicional, sen embargo o convenio centrábase no litoral galego sen incluír as illas.

A importancia de incluír as illas no censo é incuestionable, xa que para un inventario rigoroso é imprescindible o recoñecemento in situ dos bens, a súa xeorreferenciación precisa, a documentación fotográfica e a verificación directa do seu estado e das súas características construtivas. Ademais, moitos elementos patrimoniais nas illas son singulares e non resultan visibles dende o continente, polo que só poden ser rexistrados mediante visitas específicas.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago a

(asinado dixitalmente)

